



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 19 DE FEBREIRO DO 2024.

Sesión 04/2024-P

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porrál D. Sergio García López D. Breogán Blanco González Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito) Grupo Mixto (GM)</p> <p>D^a Almudena Pena Álvarez («PSdeG-PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día luns 19 de febreiro do 2024, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen-se os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
--	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvinda a todos e a todas a este Pleno extraordinario do concello de Sada.

ÚNICO.- ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2024.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral, do 14 de febreiro do 2024, que recolle literalmente:

«1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio de 2024, o importe do cal queda fixado, en gastos, na cifra de 15.076.052,30.- euros (quinze millóns setenta e seis mil cincuenta e dous euros e trinta céntimos), e, en ingresos, na cifra de 15.076.052,30.- euros (quinze millóns setenta e seis mil cincuenta e dous euros e trinta céntimos), polo que aquel se presenta en equilibrio, e asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:



GASTOS		INGRESOS	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1. Gastos de persoal	4,964,393.69 €	1. Impostos directos	4.625.000,00 €
2. Gastos en bens correntes servizos	8,643,175.87 €	2. Impostos indirectos	200,000.00 €
3. Gastos financeiros	598,415.00 €	3. Taxas e outros ingresos	1,769,750.00 €
4. Transfer. Correntes	0.00 €	4. Transf. correntes	7.569.646,55 €
5. Fondo de Continxencia	0.00 €	5. Ingresos patrimoniais	906,655.75 €
6. Investimentos reais	774,176.39 €	6. Alleamento invest. reais	0.00 €
7. Transfer. de capital	0.00 €	7. Transf. de capital	0.00 €
8. Activos financeiros	15,000.00 €	8. Activos financeiros	0.00 €
9. Pasivos financeiros	80,891.35 €	9. Pasivos financeiros	5,000.00 €
TOTAL	15,076,052.30 €	TOTAL	15,076,052.30 €

2º.-Aprobar as Bases de Execución do citado Orzamento.

3º.- Aprobar o Cadro de Persoal do Concello para 2024 que se contén na documentación do Orzamento, dándolle a tramitación establecida nas disposicións vixentes.

4º.- Expoñer ao público o Orzamento por prazo de quince días hábiles, para presentación de reclamacións conforme ao disposto no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, considerándoo definitivamente aprobado de non se presentar reclamacións no período de exposición pública, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, xunto co Cadro de Persoal, así como a remisión de copia del á Administración do Estado, e á da Comunidade Autónoma, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o texto refundido de disposición legais vixentes en materia de réxime local, e 169.3 e 4 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais».

Abre o debate facendo unha exposición para os efectos a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, no que interveñen tamén o sr. Graña Mosquera (GM-BNG) que salienta que votar a favor é facer unha oposición responsable, en lugar de votar en contra.

A sra. Pena Álvarez (GM-PSdeG-PSOE) que sinala que están todos de acordo en que Sada precisa uns orzamentos, logo de realizar unha cronoloxía de foi a “negociación” e sinala que non houbo nunca realmente intención de chegar a uns orzamentos, xa que non son os dun goberno que non ten a maioría, e recorda que si a tivera poderían facer uns orzamentos como quixeran, pero resulta que teñen que negociar. Agradece que vaian as piscinas en lámina de auga, pero tamén sabe que nos orzamentos do 2022 ese proxecto que o levan prometendo ao BNG segue sen tramitar. Indica que case todas as partidas son moi xenéricas e en todas figuran conceptos como “otros gastos extra”, “otros trabajos realizados por otras empresas”, etc, polo que pide que se concrete por escrito as partidas superan os 3.000 euros, ben na memoria ou ben nun anexo que acompañe aos orzamentos. Fai referencia tamén ás advertencias de secretaría recollidas en dúas dilixencias.

O alcalde indica que concretamente o RD de habilitados estatais di que o secretario debe asistir ao alcalde na elaboración dos orzamentos dende aspecto formais e nunca materiais e “así o fixo a señora secretaria”.

A sra. Pena Álvarez lle pregunta á secretaria se está de acordo co que dixo o sr. Alcalde.

A secretaria resposta que como queda xa de manifesto nas dilixencias o alcalde non contou con ela para nada.

Continúa a sr. Pena di que fai falla que a secretaria realice a súa labor. Recorda que a RPT se está elaborando e os gastos que supoña deben reflectirse nos orzamentos, sinala que lle gustaría que se reflectiran melloras nos polígonos industriais e para contedores e propón deixar o asunto derriba da mesa agradecendo moitísimo os proxectos das piscinas en lámina de auga, pero espera que se executen.

A sra. Arias Ferreiro (PP) recorda que non se fixeron presupostos participativos dende a cidadanía e tampouco se recolleron as propostas da oposición, como o convenio cos propietarios do edificio A Terraza, cubrir parte da praza Suárez Picallo para evitar o gasto de carpas, novo emprazamento para o mercado municipal. Di que os orzamentos non recollen un futuro para Sada e contén proxectos falidos como o módulo ou mal executados, como a coñecida pista de patinaxe, e non ten proxectos para aparcamentos ou polígono. Chama a atención a unha gran incongruencia, como destinar diñeiro a eliminar un parque e construír nel un denominado “auditorio”. Ao concluír a súa intervención propón que se vote deixar o asunto derriba da mesa.



A sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen se suma ao xa exposto polos concelleiros da oposición e pon a atención nos documentos, que nin sequera eran un excel e destaca en relación ao expresado sobre dilixencias a evidencia da mentira do alcalde, que nin tan sequera se pon colorado. Recorda varias notas de prensa sobre cuestións paralizadas dende anos e que se volven a incluír nos orzamentos, ou os alugueiros sociais sen soporte ningún que os repare, ou o auditorio, a piscina municipal; pide a equiparación de soldos entre os postos de traballo e non dependendo de si é amigo ou non, convenio Sargadelos, garantías de Meu Lar, desenvolvemento do polígono industrial, mercado municipal, licitación da redacción de proxectos, etc significando que non ven proxecto a catro anos e, finalmente, tamén se suma á proposta de deixar o asunto derriba da mesa, que é a responsabilidade e non seguir despois de catro ou oito anos falando de cousas que non se fan , pero se sigue falando nos periódicos de que se van facer.

No transcurso dun amplo debate, no que cada voceiro defende as súas posicións ou a dos seus correspondentes grupos, interveñen tamén o presidente, sr. Portela Fernández (SM), o sr. España López (PP).

No momento no que se vai proceder á votación toma a palabra o interventor para sinalar que quere pedir a aclaración de que se vai a votar, se é a retirada do asunto, se é deixalo sobre a mesa ou se é votar en contra, sobre todo a efectos das posibles modificacións que poida levar o punto despois.

Os concelleiros propoñentes reiteran que é deixalo sobre a mesa.

O interventor di que se é iso ten que volver ao pleno o día 29.

A sra. Nogareda pregunta que que problema hai.

O interventor di que deixalo sobre a mesa será para mellor estudo.

A sra. Taibo exclama que voten en contra.

A sra. Arias Ferreiro aclara que a petición de deixalo enriba da mesa é de PSOE, PP e UPSA e é o reflexo da vontade que teñen de que se aproben os orzamentos, non están en contra pero queren que se teñan en conta esas propostas dos demais e lle pregunta ao BNG se para que se lles tiveran en conta as achegas en que prazo e forma as presentaron.

O concelleiro do BNG di que a presentaron como se lle pediron e cando se lle pediron.

Ao que a sra. Pena Álvarez engade que como o resto.

A sra. Arias Ferreiro insiste en que o deixalo enriba da mesa é para sentarse a falar e lle pregunta ao alcalde se ten o propósito de facelo porque igual o problema é que non quere facelo ou non lle parece correcto.

O sr. Alcalde di que é un matiz importante porque non é o mesmo retirar o punto que deixalo sobre a mesa e por eso o interventor, moi atinadamente, advertiu.

A sra. Nogareda insiste que eles sempre faloron de deixalo sobre a mesa.

Secretaria realiza unha aclaración sobre o establecido na lexislación, e se un concelleiro solicita que quede enriba da mesa hai que proceder a votar eso antes de votar o contido do asunto e a votación en contra ao orzamento produciríase ao votar o contido do asunto.

O interventor dille que a dúbida que tiña el era a relacionada con se deixalo sobre a mesa implica a posibilidade de modificación ou non do asunto.

A secretaria indica que si, que se poden engadir documentos ou realizar matizacións e con respecto á seguinte sesión entenderase a seguinte, porque para a vindeira xa está convocada a comisión informativa, ou noutra, como existen outros asuntos que se atopan enriba da mesa e aínda non se levaron á sesión.

O interventor prosegue dicindo que facía especial fincapé niso porque a aprobación dos orzamentos é unha das cuestións que poden estar vinculadas á cuestión de confianza e non ten sentido que deixándoo enriba da mesa unha



e outra vez se prive ao goberno de presentar unha cuestión de confianza.

A secretaria aclara que iso produciríase ao votar o contido do asunto, pero non ao votar o deixalo enriba da mesa.

O interventor di que non ten sentido deixalo enriba da mesa unha e outra vez.

A secretaria indica que os concelleiros solicitan xa non é cuestión de sentido ou non sentido.

A continuación procédese a votar deixar o asunto derriba da mesa, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSdeG-PSOE).
- Votos en contra: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Deixar o asunto derriba da mesa.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 29 minutos do día luns 19 de febreiro do 2024, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.